



Secc. Sindical PSA-Peugeot-Citroën

## VIDA LABORAL (II)

### Contratos de 8 h. en Extinción

Vigo, 14 de Setembro de 2010

Na anterior nota facíamos fincapé a escasa sensibilidade, por parte da Dirección, para con todas aquelas persoas que, apesares de dispor do tempo de cotización, atópanse co veto da Empresa para poder acollerse a unha Xubilación digna, pero... ***¿e ós que nos queda toda unha vida laboral por diante?***

A C.I.G., sendo sabedora dos obxectivos da Dirección, sempre apostou pola defensa do emprego fixo, acotando ó máximo posible ás diferentes modalidades de contratación das que fai uso e abuso o mercado laboral, de aí o noso empeño en evitar a perda contínua de contratos a Tempo Completo e de 8 horas.

Durante estes últimos 18 meses, amortizáronse máis de 700 empregos de 8 horas a tempo completo, a unha media de 85.000 € estamos a falar dun desembolso aproximado de 60 Millóns de €, ¿a conta de quen?. O cuadrante é revelador para dicirnos os que están asumindo este custe.

	8hrs Temp Compl	6,...,4Hrs, Temp Parcial	Relevos	Plantilla
30/05/06	3928	1060	268	5256
31/03/10	2432	1452	791	4675
<b><i>Diferenza</i></b>	<b><i>-1496</i></b>	<b><i>392</i></b>	<b><i>523</i></b>	<b><i>-581</i></b>

Comparativa da plantilla fixa de Taller nas diferentes modalidades contractuais

Podemos comprobar como a plantilla fixa do Taller diminuíu en 581 persoas, namentres os traballadores/as fixos con contrato a tempo completo de 8 Hras se reduciron en 1.496. Agora xa sabemos quen é a destinataria da fatura, chamase Precariedade.

Para lograr este obxectivo en materia de Emprego a Dirección namentres procura manter o maior número de eventuais, mantén pechada a porta a Xubilación Parcial, para non activar a cadea na mellora do emprego, e dicir:

- 1.-Non formalizar Contratos Relevo***
- 2.-Non activar as melloras pactadas cos contratos de 6 e 4 Hrs.***
- 3.-Alongar no tempo a cláusula de variabilidade.***

O relevo da Plantilla pasa por seguir logrando contratos a Tempo Completo. Os contratos de 8 h. están en perigo de extinción. Todos e todas temos a obriga a evitar esta sangría que nos leva a poñer en risco un futuro laboral digno.

**CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA**